



Gregorio Espino, 47 Vigo

De: M^a Xosé Rodríguez Vilaseco
Delegada de prevención de CIG- Saúde no CHUVI

A: Xerencia do CHUVI

Asunto: Comunicación de deficiencias detectadas no servizo de cociña do H. Xeral e Cies

A Lei de Prevención de Riscos Laborais no seu artigo 36.1d., establece que o delegado/a de prevención debe "Exercer unha labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais", E no artigo 29.2. apartado 4 "informar de inmediato sobre calquera situación, que o seu xuízo entrañe un risco para a seguridade e saúde dos traballadores/as.

Polo tanto, habendo detectado as seguintes deficiencias:

1. Apertura de canaletas na entrada do tren de lavado, onde se procede ao desbroce, estas canaletas carecen das reixas de protección existindo un risco de caídas a distinto nivel, para os traballadores/as.
2. As cortinas que evitan que os traballadores se mollen, dado seu deterioro deben ser substituídas, para que fagan súa función de protección.
3. Mala instalación dos tubos por onde se drenan os líquidos a entrada do tren, co conseguinte risco de esvarar dado que desbordan.
4. Carros de transporte de comida para o Cies, excesivo peso, rodas moi pequenas, difíciles de mover, co risco de provocar lesións músculo – esqueléticas.

Solicito que se tomen as medidas oportunas para solucionar estas anomalías, antes de que provoquen prexuízos aos traballadores e traballadoras.

Solicito contestación das medidas adoptadas nun prazo de cinco días.

Atentamente

Asinado M^a Xosé Rodríguez Vilaseco.

Delegada de Prevención

Data: Vigo 23 de abril 2009

S. A. U. D. E. VIGO

	Sociedade Gallega de Saúde	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo
23 ABR. 2009		
REGISTRO DE ENTRADA		
Núm.....06832.....		